

INDUMENTARIA

A moda penetra en España como por toda Europa, divulgada polas imaxes das revistas. As ilustracións representan mulleres esveltas, fumando, con saias curtas e peiteado á *garçonne*. É o estilo das «modernas» das cidades que ao modo dos novos tempos, se cortan definitiva e radicalmente a melena, dando así por terminada unha época. Era máis que unha moda, un símbolo. Escribía «Colombine», Carmen de Burgos, que as mulleres traballadoras e as deportivas non dispuñan de tempo para facerse peiteados cheos de complicacións. A muller emancipada non levaba cabelos longos nin saias longas.

As mulleres xa non debían destacar as súas curvas e os vestidos dunha peza, carecían de corsés e forma. A roupa debía ser sinxela e práctica, sen deixar de ser elegante. Posteriormente o patrón vaise estreitando e cinguindo ao corpo. Parte da vestimenta feminina masculinízase. Hai mulleres que poden vestir chaqueta de traxe, pero o pantalón só o utilizarían as máis atrevidas, para o campo ou a neve; ningunha muller se atrevería a saír con el por unha cidade.

A indumentaria masculina tivo menor transformación. Predomina o corte clásico, agora con cores máis claras e combinacións de tecidos entre pantalón e chaqueta. Abundan os «pollos», «pollos bien» ou «pollos pera» que coidaban ata o último detalle do vestiario. O famoso canotier (sombreiro de palla) que fixo famoso Maurice Chevallier, era case indispensable nas saídas de verán. A finais da década, os extremadamente amplos pantalóns Oxford, póñense de moda. As chaquetas son longas e con amplas solapas. Con este corte comezou a confeccionar os seus traxes o xastre coruñés Luis Huici quen regularmente se trasladaba a Ourense a vestir aos dandis ourensás. Non faltaba no corte Huici o chaleco cruzado e a finais da década a chaqueta frouxa de ombros anchos.

A moda xeneralizouse porque a fabricación e a confección era moito menos custosa. Se non se prestaba atención ao material, detalles do corte ou aos accesorios non se distinguían clases sociais.

Non obstante, fóra das cidades e destes grupos reducidos, a realidade da década dos 20 era moi distinta. En 1922, o viaxeiro inglés Aubrey F. G. Bell descríbenos a imaxe maioritaria das xentes da provincia, na súa maioría como a de décadas antes: «Os homes, cando van á misa visten de veludo negro ou castaño, ou con pana ou pano marrón, con camisas brancas sen gravata e con sombreiros de feltro, maiormente negros, ás veces marróns ou grises [...] Os cativos visten de pana marrón e con enormes puchas azuis [...] As mulleres de facianas longas e ovaladas levan panos marróns ou carmesís atados por baixo do papo, e tanto as mulleres como as rapazas usan corpiños que chegan non ata a cintura senón ata o xeonllo.»

